



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Mediante acordo plenario de data 19 de decembro de 2018, acordouse a participación no “Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2019” da Deputación Provincial da Coruña.

No citado acordo se incluíu no a obra á que se refire o proxecto denominado “REURBANIZACIÓN DE LA RÚA RÍO DO CURA Y RÚA SIXTO DE PONTE DO PORTO”.

O proxecto tivo que ser emendado a instancia da Deputación, sendo aprobado de novo por Decreto desta Alcaldía nº 100/2019, do 19 de febreiro, decreto ratificado polo pleno en sesión de fecha 6 de marzo de 2019.

Recibida da Excm. Deputación Provincial a circular sobre a aprobación do “Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+2019”, Plan que foi aprobado polo Pleno Provincial en sesión ordinaria celebrada en data 26 de abril de 2019, e no cal se incluía a execución da obra á que se refire o proxecto denominado “REURBANIZACIÓN DE LA RÚA RÍO DO CURA Y RÚA SIXTO DE PONTE DO PORTO” condicionada ao cumprimento da condición de presentación das autorización sectoriais necesarias para a execución da obra.

Presentadas polo Concello de Camariñas as autorizacións sectoriais necesarias, dando así cumprimento ás condicións ás que estaba sometido este investimento, a Deputación Provincial mediante Resolución da Presidencia resolve considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido e aprobar definitivamente o investimento para a execución da obra á que se refire o proxecto denominado “REURBANIZACIÓN DE LA RÚA RÍO DO CURA Y RÚA SIXTO DE PONTE DO PORTO”.

Considerando que o Concello de Camariñas ten delegada a contratación e execución das obras de referencia e que para dita contratación hai que utilizar os “pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación das obras comprendidas nos Plans Provincias da Excm. Deputación Provincial” (aprobados polo pleno da Deputación en sesións de data 27 de abril de 2018 e 25 de maio de 2018, e publicados nos BOP núm. 82 de data 2 de maio de 2018 e núm. 101 de data 30 de maio de 2018 respectivamente).

Vista a memoria na que se xustifica a necesidade do presente contrato, art. 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e o documento no que xustifican os extremos esixidos polo art. 116.4 da mesma norma, ambos documentos asinados/subscritos por esta Alcaldía.

Considerando as instrucións dadas pola Excm. Deputación Provincial na citada Circular para a contratación das obras de referencia, así como o disposto nos arts. 116, 131, 156 e seguintes e 159 da LCSP.

É polo que vistos, os antecedentes anteriormente expostos, DISPOÑO:

**Primeiro.**- Incorporar ao expediente de contratación a memoria desta Alcaldía na que se xustifica a necesidade deste contrato, arts. 28 e 116 da LCSP.

Incorporar ao expediente de contratación o documento da Alcaldía no que se xustifican os extremos esixidos polo art. 116.4 da LCSP.

**Segundo.**- Iniciar de conformidade co previsto nos arts. 116, 131, 145 e 159 da LCSP, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de valoración (mediante a aplicación de fórmulas: prezo e maior prazo de garantía), tramitación ordinaria, para a adxudicación da obra a que se refire o proxecto denominado “REURBANIZACIÓN DE LA RÚA RÍO DO CURA Y RÚA SIXTO DE PONTE DO PORTO”, incluída no Plan provincial de



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos POS+ 2019 da Deputación Provincial da Coruña, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro arquitecto, D. Jorge Roura Traseira, e cuxo orzamento base de licitación é de 96.728,30 € (79.940,74 € base imponible + 16.787,56 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato de 87.934,81 €.

**Terceiro.-** Que se incorpore ao expediente certificado de existencia de crédito e o “prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans Provincias e outras obras provinciais”, publicado no BOP núm. 101 de data 30 de maio de 2018, incluíndo os seus anexos.

**Cuarto.-** Que a secretaría e a intervención emitan os correspondentes informes preceptivos esixidos pola LCSP.

**Quinto.-** Evacuados os trámites anteriores déseme conta.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

A ALCALDESA,  
Asdo.: Sandra Insua Rial